XUNTA
DE GALICIA

FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA PO-400 E PO-404
(SALVATERRA DO MIÑO)

1. Obxecto da Actuación

O obxecto deste proxecto é definir e valorar a execución de dúas sendas de uso mixto peonil e ciclista, no concello de Salvaterra do Miño (Pontevedra); nas estradas:

- PO-400 (marxe dereita MD), entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 2+380 e 2+630, na zona de Oleiros.
- PO-404, entre os pp.qq. 10+140 e 10+750 (MD) e entre os pp.qq. 10+700 e 10+955 (marxe esquerda ME), na zona de Arentei.

2. Plan de Estradas

A estrada PO-400, *Oleiros (PO-510) - Filgueira (PO-801)***,** entre os pp.qq. 2+380 e 2+630, pertence a rede complementaria da Rede Autonómica de estradas de Galicia (RAEG); e a estrada PO-404, *Guillarei (N-550) - A Rañada (PO-510)* entre os pp.qq. 10+140 e 10+955, pertence a rede local da RAEG.

3. Descrición da Actuación

As novas sendas deseñanse co mesmo trazado en planta e alzado que as estradas sobre as que se apoian, e adaptaranse ao espazo dispoñible buscando a minimización das afeccións. Proxéntanse con pavimento de formigón, limitada xunto á estrada por un bordo prefabricado de formigón e sobreelevada 10 cm sobre a calzada. O ancho xenérico de 2,02 m e unha beiravía de 0,50 m.

Na PO-404, ante a falta de beiravía, proxectase a ampliación da mesma con escavacións e recheos e construíndo pequenos muros de pedra de altura inferior a 1 m e unha pasarela peonil de 12,50 m de lonxitude na contorna do p.q. 10+850 co fin de salvar unha balsa de rega e dar continuidade á senda.

Como obras complementarias proxéctanse: a instalación de mobiliario urbano (bancos), a recolocación dos contedores de residuos sólidos urbanos (RSU), a instalación de varandas de aceiro galvanizado e o acondicionamento dos accesos e as marxes.

4. Características técnicas

Lonxitude aproximada: 1.115 m

Sección tipo:

Ambas sendas contan cunha sección tipo de 2,02 m de ancho (0,22 m de bordo e 1,80m de senda) puntualmente reducido ou ampliado, para adaptarse á realidade física de cada zona (axustes a peches de parcela, edificacións, etc.).

Dada a inexistencia de beiravía na estrada PO-404 proxectase a súa ampliación. A elevación da senda con respecto á rasante da calzada será 10 cm, agás nos accesos ás vivendas ou fincas. A pendente transversal máxima é do 2% variando o sentido da inclinación para facilitar a evacuación das augas e mellorar o encaixe cos accesos e entradas actuais.

Trazado:

Os trazados proxectados apóianse no trazado actual das estradas, será necesario ampliar a plataforma, mediante excavacións e recheos, xa que algunhas das fincas están a distinto nivel . Para limitar as ocupacións, en tramos concretos, proxectanse pequenos muretes de pedra de alturas inferiores a 1,0 metro.

Na PO-404: a partir do p.q. 10+850 (ME) proxéctase unha pasarela de madeira de 12,50 m de lonxitude, para dar continuidade á senda, así como bandas de aparcamento en liña de 2,20 m de ancho, disporanse novos pasos de peóns nos cruces con outras vías. Manterase a parada de autobús existente no p.q. 10+720 (MD).

Firmes e pavimentos:

- *Senda*: pavimento bicapa, 6 cm formigón HF-3,5 cor terriza e 10 cm de formigón gris HF-3,5, sobre 20 cm solo adecuado, delimitado por un bordo de 22x15 cm elevado 10 cm. Nos accesos a pasos de peóns e nos inicios/finais de senda colocarase baldosa hidráulica de cor diferenciado.
- *Ampliación da plataforma:* 75 cm de solo seleccionado, 25 cm de subbase de saburra artificial , capa de 20 cm de formigón HM-20 e 6 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC-22BIN BC50/70S.
- *Bandas de aparcadoiro:* 25 cm de saburra artificial e 6 cm de MBQ tipo AC-22BIN BC50/70S.

Coas correspondentes regas de imprimación e adherencia entre as capas.

Drenaxe:

Trátase de manter a rede actual da estrada, tan só se adecuarán os elementos de drenaxe e o rego existentes a execución da senda.

Estruturas:

Pasarela de madeira de 12,50 m de lonxitude a partir do p.q. 10+850 da estrada PO-404.

5. Poboación Servida

Salvaterra do MIño hab. 10.671 (IGE 2025)

TOTAL: 10.617 hab.

6. Concellos Afectados

Salvaterra do Miño

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 19, 1 que se corresponde coas actuacións na PO-400 (afectada únicamente por ocupación temporal) e as restantes ás actuacións proxectadas na PO-404.

Solo	2.887,07 €
Bens afectados	2.707,33 €
Premio de afección 5%	279,72 €
Ocupación temporal	233,44 €
Total Expropiacións:	6.107,56 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.


9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	734.199,03€
Orzamento de expropiacións e reposición de bens	6.107,56 €
Reposición Servizos titularidade privada	5.470,41
Orzamento Seguimento Arqueolóxico	6.489,35 €
Orzamento para coñecemento da administración	752.266,35 €

10. Orzamentos por concello e estrada


Concello	*Estrada*	*%*	*OCA*
Salvaterra do Miño	PO-400	79,29 %	596.480,48 €
Salvaterra do Miño	PO-404	20,71 %	155.785,87 €

PLANO DE SITUACIÓN







SECCIÓNS




SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL Y CICLISTA EN ACCESOS DE VEHÍCULOS
Escala 1:20 en A3 (cotas en m)



SECCIÓN TIPO BANDA DE APARCAMIENTO
Escala 1:50 en A3 (cotas en m)



SECCIÓN LONGITUDINAL TIPO DE LA PASARELA
ESCALA 1/25 (cotas en cm)



SECCIÓN TRANSVERSAL TIPO DE LA PASARELA